

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

11137 *Real decreto 997/2018, do 3 de agosto, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, regula nos capítulos IV e V do seu título II as formas de promover as altas, baixas e variacións de datos dos traballadores nos réximes do sistema da Seguridade Social, así como os trámites, os requisitos, o recoñecemento e os efectos das ditas actuacións.

A experiencia na xestión das altas, baixas e variacións de datos practicadas de oficio pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social cando se comproba o incumprimento da obriga de comunicalas por parte das empresas ou, se é o caso, dos traballadores a que incumbe tal obriga, como consecuencia da actuación da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, determina a necesidade de garantir que tales procedementos tramitados de oficio se poidan instruír ata a súa resolución en firme, sen se veren obstruídos ou afectados por actuacións que pretendan distorsionalos.

Co fin de reforzar os ditos procedementos, mediante este real decreto refórmanse os artigos 31 e 35 do citado regulamento xeral.

No artigo 31 modifícase o seu número 3, actualizando a súa redacción e engadíndolle un novo parágrafo segundo en que se prevé que a solicitude e a emisión de informes por parte da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, actualmente potestativa para os efectos da tramitación e resolución das altas, baixas e variacións de datos, resultarán preceptivas para resolver aquelas solicitudes de baixa que se formulen tras practicarse altas de oficio, respecto aos mesmos traballadores, por instancia do dito organismo estatal.

No artigo 35 modifícase o seu número 7, co obxecto de establecer que non producirán efectos nin extinguirán a obriga de cotizar aquelas baixas e variacións de datos formuladas polas empresas e, se é o caso, polos traballadores cando afecten os períodos comprendidos nas actas da Inspección de Trabajo e Seguridade Social que motiven a tramitación de procedementos de alta e variación de datos de oficio, por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, respecto aos mesmos traballadores afectados por aquelas.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, é respectuoso cos principios de necesidade e eficacia, posto que a súa regulación resulta xustificada e mediante ela se consegue o obxectivo xeral perseguido, que consiste en modificar os dous artigos do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, antes indicados polas razóns expostas, adaptando, desa forma, a súa sistemática e mellorando a xestión nas materias por eles reguladas.

Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, xa que o alcance das súas reformas é o imprescindible para a consecución do obxectivo antes sinalado.

Así mesmo, a súa regulación cumpre os principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, ao ser coherente co resto do ordenamento xurídico, tanto nacional como da Unión Europea, ter uns obxectivos claramente definidos e non impoñer novas cargas administrativas a empresas e traballadores.

No proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto someteuse ao trámite de audiencia e información pública.

Este real decreto dítase en exercicio das facultades conferidas polo artigo 5 e pola disposición derradeira oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica da Seguridade Social.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 31 queda redactado do seguinte xeito:

«3. En todo caso, as direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e as administracións da Seguridade Social poderán solicitar da Inspección de Traballo e Seguridade Social e, se é o caso, das demais administracións, nos termos establecidos no artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os informes precisos sobre a concorrencia dos feitos e demais circunstancias determinantes da alta, baixa ou variación de datos solicitada ou practicada.

Non obstante, a solicitude e emisión dos ditos informes pola Inspección de Traballo e Seguridade Social resultarán preceptivas nos procedementos que resolvan as solicitudes de baixa relativas a traballadores que fosen dados de alta de oficio por instancia daquela.»

Dous. O número 7 do artigo 35 queda redactado do seguinte xeito:

«7. As solicitudes de baixa e de variación de datos formuladas polas empresas e, se é o caso, polos traballadores, que afecten períodos comprendidos nas actas expedidas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social que desen lugar a procedementos de alta ou de variación de datos que estea a tramitar de oficio a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, respecto aos mesmos traballadores, non producirán efectos nin extinguirán a obriga de cotizar ata que os ditos procedementos finalicen.»

Tres. O actual número 7 do artigo 35 pasa a constituír o seu novo número 8, con idéntica redacción.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento*

Facúltase o titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma o 3 de agosto de 2018

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social
MAGDALENA VALERIO CORDERO